

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0863	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA BEGOÑA MÉNDEZ AGUIRRE CRESPIAN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

o) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

q) Recoñecer as oportunidades de negocio identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.

E as competencias do título:

m) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.

n) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

o) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Manexo das fontes de información sobre o sector das industrias textiles, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.

Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector industrial relacionado cos procesos de produción textil.

Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.

Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade das industrias textiles composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluírá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, a xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.

O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados previsional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora e idea do negocio	Identificamos a innovación e o desenvolvemento económico. Analízase a cultura emprendedora, creatividade, así como as características clave dos emprendedores e a súa actividade neste sector, valorando o traballo por conta propia, tendo en conta o risco asociado á iniciativa empresarial e desenvolvendo ideas de negocio, como <u>punto de partida para o deseño dun proxecto empresarial</u> .	10	20
2	O entorno da empresa e o mercado	Comprende a análise do ámbito xenérico e específico dunha empresa, a súa interrelación con ela e a súa influencia na localización e posta en marcha dun negocio. Identifícanse os requisitos para o exercicio da actividade empresarial e aspectos relacionados coa responsabilidade social, cultura empresarial e imaxe corporativa. Iniciamos o deseño estratéxico da empresa: actividades e procesos a desenvolver, organización <u>dos recursos e estratexia de mercado</u> .	15	25
3	Creación e posta en marcha da empresa	Comprende a análise das decisións iniciais que deberán tomar como empresarios e a súa inclusión no plan de empresa: forma xurídica da empresa, responsabilidade asociada a esta e fiscalidade, os trámites de constitución e posta en marcha, as vías de asesoramento, así como as axudas e subvencións para a creación <u>dunha empresa</u> .	8	15
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	Comprende a análise das decisións iniciais que deberán tomar como empresarios e a súa inclusión no plan de empresa: forma xurídica da empresa, responsabilidade asociada a esta e fiscalidade, os trámites de constitución e posta en marcha, as vías de asesoramento, así como as axudas e subvencións para a creación <u>dunha empresa</u> .	10	20
5	Presentando a nosa empresa	Revisa e finaliza o plan de empresa e realiza unha presentación da mesma	10	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea do negocio	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade empresarial.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector sanitario de próteses dentais.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.6.1 Identifícase no plan de empresa a fonte de ideas e creatividade e o análise das diferentes ideas.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de próteses dentais, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.7.1 Identifícase no plan de empresa a idea emprendedora tomada e o motivo de tal decisión.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de próteses dentais (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector sanitario de próteses dentais.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de próteses dentais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O entorno da empresa e o mercado	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais en función da súa posible localización.
CA2.5.1 Identifícouse a influencia do contorno xeral e específico no plan de empresa, e sinaláronse vantaxes e inconvenientes da localización elegida
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coas próteses dentais e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de próteses dentais, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.9.1 Sinaláronse no plan de empresa un conxunto de obxectivos, procedementos e procesos que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de próteses dentais, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.1 Determinouse un plan de empresa coa idea de negocio, localización, organización interna, recursos y plan de marketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.



Contidos

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación e posta en marcha da empresa	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector sanitario de próteses dentais.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de próteses dentais tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.1 Determinouse no plan de empresa a elección de forma xurídica, os trámites de inicio da actividade, así como axudas e subvencións

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de próteses dentais.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector sanitario de próteses dentais, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
CA4.3.1 Determinouse no plan de empresa un calendario coas principais obrigas fiscais e unha pequena descrición dos impostos
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de próteses dentais, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.1 Determinouse no plan de empresa un plan financeiro segundo o proxecto empresarial que sexa viable.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector sanitario de próteses dentais.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de próteses dentais: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Presentando a nosa empresa	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.6.2 Expuxéronse como xurdiron as ideas para a idea de negocio e como se levou a cabo o análise das mesmas
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de próteses dentais, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.7.2 Explicouse a idea de negocio decidida e a visión, misión e meta de dicha idea de negocio.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais en función da súa posible localización.
CA2.5.2 Expuxéronse todos os elementos do contorno que afectan á empresa creada e explicáronse os motivos na toma de decisión da localización.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.9.2 Expuxéronse o conxunto de obxectivos, procedementos e procesos que incorporen valores éticos e sociais da empresa creada
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.2 Explicouse a organización do proceso produtivo, a responsabilidade social e o plan de márketing plantexado.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.2 Explicouse a selección da forma xurídica en comparación coas diversas opcións, os trámites de posta en marcha e posibles axudas e subvencións investigadas.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector sanitario de próteses dentais, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
CA4.3.2 Explicáronse as principais obrigas fiscais e presentouse o calendario fiscal elaborado no plan de empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.2 Expúxose o plan financeiro detallando o mesmo e a viabilidade do proxecto.

4.5.e) Contidos

Contidos

Contidos

Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de próteses dentais.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de próteses dentais: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

Formas xurídicas das empresas.

Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os da sección correspondente, onde aparecen os criterios de avaliación. Non obstante, para presentarse ao exame ordinario, será necesario:

* Non ter perda a avaliación continua

* A entrega das epígrafes correspondentes al Plan de Empresa asignadas para cada avaliación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Haberá dúas avaliacións, en cada una ponderará:

70% Proba escrita

30% Plan de empresa

PROBA ESCRITA (70%)

Poderá incluír preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test (podendo puntuar negativamente en caso de erro) e/ou exercicios e casos prácticos.

En cada exame figurará especificada a valoración das diferentes partes.

En caso de facerse máis de un exame por avaliación farase a media de ditos exames, sempre que o mínimo de puntuación sexa un 4, por debaixo de esa nota, non se fará media e darase como suspensa a avaliación.

Para aprobar un exame é necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos (aínda que se poderá facer media se houberse máis de un exame na avaliación dende 4)

Para aprobar a avaliación é necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos sobre 10.

PLAN DE EMPRESA

O 30% restante corresponderá ao Plan de empresa e ás habilidades e destrezas demostradas nas diferentes actividades realizadas.

As actividades realizadas e a elaboración e presentación das fases do plan de empresa valoraranse tendo en conta unha serie de puntos recollidos nunha TABLA DE COTEXO, entre os que figurarán os seguintes:

-Presentación (organización xeral do traballo, índice, epígrafes, paxinado, ortografía e linguaxe empregado).

-Orixinalidade e claridade da idea de negocio.

-Dificultade do proxecto.

-Viabilidade da idea a curto, medio e longo prazo.

-Desenvolvemento de cada epígrafe coa extensión e profundidade requirida.

-Axuste do presentado ao guión requerido.

-Presentación na forma e prazo que se requira.

Farase unha entrega das fases correspondentes do plan de empresa por cada avaliación.

Para superar cada avaliación é preciso sacar, como mínimo, un 5 sobre 10 tanto nos exames teórico/prácticos como na elaboración das actividades e nas fases do plan de empresa correspondentes.

Para superar o módulo é imprescindible a entrega do plan de empresa.

Para poder aprobar o módulo é preciso sacar, como mínimo, un 5 sobre 10 tanto nos exames teórico/prácticos como na elaboración das actividades e nas fases do plan de empresa correspondentes a cada avaliación.

A cualificación final obterase coa media das avaliacións parciais sempre que en todas elas o alumno/a conte cunha nota igual ou superior a 5 puntos.

Esta nota final coincidirá coa nota do derradeiro trimestre, sempre que esta sexa igual ou superior a 5

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

En cada avaliación realizárase, cando menos, unha proba escrita teórico-práctica e recolleranse as fases do plan de empresa correspondentes aos contidos impartidos nese trimestre. No caso de que haxa alumnado que non acadase unha cualificación positiva do módulo farase unha

recuperación por trimestre que se poderá efectuar dentro do período lectivo que corresponda á seguinte avaliación.

Ao remate das clases presenciais efectuarase unha proba final e recollerase o plan de empresa para verificar a adquisición dos contidos mínimos por parte do alumnado con partes suspensas do módulo.

Tanto as probas como o proxecto valoraranse de 0 a 10 puntos sendo necesario obter en ambos casos como mínimo 5 puntos para considerar o módulo superado.

Os alumnos/as que non superen este módulo deberán realizar unha serie de actividades de recuperación ao longo do 3º trimestre fixadas pola profesora tendo en conta as dificultades que tiveron os alumnos co módulo pendente para alcanzar os resultados de aprendizaxe. Por iso, poderán fixarse procedementos de ensino-aprendizaxe máis sinxelos e un sistema de avaliación máis flexible, respectando sempre os obxectivos. En todo caso, todo isto figurará no correspondente Informe Individualizado de Avaliación que o profesor deste módulo deberá redactar para cada un dos alumnos/as que non sexa avaliado positivamente incluíndo:

-A xustificación da súa decisión en función dos mínimos esixibles que non foron acadados.

-Unha proposta detallada das actividades de recuperación que considere necesarias para que o alumno/a acade os obxectivos mínimos que lle permitan superar a avaliación extraordinaria.

O alumnado repetidor deberá asistir a clase e cursar o módulo nas mesmas condicións que as fixadas para o alumnado que curse o módulo por primeira vez. De non asistir a clase ou ben superar as súas ausencias a porcentaxe estipulada legalmente das horas programadas no módulo, perderá o dereito á avaliación continua.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25º da Orde de 12 de xullo de 2011, e no RRI do centro, o número de faltas que implica a perda do dereito a avaliación continua no módulo será do 10% con independencia de que estean xustificadas ou non.

O alumno que perda o dereito á avaliación continua no módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria que terá lugar no mes de xuño referida aos contidos de todo o curso con independencia de que previamente tivera superada algunha parte do módulo.

O alumno deberá superar unha proba de características similares as sinaladas para o resto dos compañeiros, consistente en preguntas de desenvolvemento, de tipo test, ou ben supostos prácticos, de xeito que o alumno/a acredite ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Ademais deberá entregar o Plan de empresa e demais actividades que lle encomende a profesora. O peso da proba escrita será máximo 7 puntos e os traballos 3 puntos necesitado acadar en cada unha das partes calificación positiva para poder superar o módulo.

Nesta proba os que teñan partes superadas, conservarase a nota correspondente nos exercicios que traten os CA/RA superados, facendo neste caso unha media ponderada sempre e cando non se teña perdida a avaliación continua.

Os alumnos que teñan este módulo pendente deberán facer as probas: ordinaria e extraordinaria nas datas que se establezan. Estas probas seguirán a mesma estrutura: parte teórica e parte práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo recolleranse as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial e a valoración do resultado das actividades prantexadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente ademais farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

Neste seguimento constarán aquelas incidencias que o profesor observe no desenvolvemento do curso, incluíndo aquelas que fagan referencia o

seguimento telemático das clases no caso de alumnado ausente polas posibles circunstancias relacionadas co Covid 19.

Con isto se pretende rexistrar toda actividade presencial o telemática para avaliar os alumnos en calquera condición derivada da crise sanitaria. Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso farase un seguimento dos alumnos, tomando as anotacións correspondentes sobre o seu nivel académico previo, o seu dominio das TICs e as motivacións para estudar este Ciclo formativo.

Posteriormente na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común, na acta da citada reunión constará dita avaliación inicial na mesma, coa finalidade de detectar calquera dificultade e poder reforzala dende o principio.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Polo que se refire á atención á diversidade, ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para os alumnos ou alumnas que o precisen.

Deste modo podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

- Adquisición dos mínimos esixibles.

Para os alumnos que o precisen, repetición individualizada dalgunhas explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades

-Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

-Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua e formar equipos de traballo que integren a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os alumnos e alumnas deben ser capaces de facer un xuízo crítico sobre a realidade social, construír de forma libre e racional o seu propio sistema de valores e actuar en consecuencia.

Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven, por iso ao longo do curso insistiremos na responsabilidade social da empresa respecto á:

-Educación ambiental: trataremos este aspecto con especial dedicación na segunda unidade didáctica: "A empresa e a súa contorna" e posteriormente, sobre todo ao longo da realización do proxecto empresarial, de modo que os alumnos interioricen a importancia do respecto ao medio ambiente. Incidirase no valor das empresas que reutilizan e reciclan os diferentes residuos.

-Educación ética e cívica: trataremos de inculcar o espírito emprendedor que persiga non soamente a rendibilidade económica senón a creación

de utilidade social e concienciamos aos nosos alumnos do compromiso que temos todos os cidadáns coa sociedade á hora de pagar impostos. Dedicaráselle especial atención na unidade didáctica 4: "Plan económico, financeiro e fiscal".

-Educación para a igualdade de oportunidades: incídese nel ao longo do curso mencionando tanto aspectos relacionados co acceso ao emprego como coa formación e promoción profesional.

-Educación para a tolerancia, para a convivencia e para a multiculturalidade: inculcaremos estes valores especialmente na formación dos grupos para realizar as diferentes actividades e no traballo interno do proxecto empresarial.

-Educación para a paz: trataremos a diversidade social e cultural cun espírito aberto, respectuoso e tolerante, recoñecendo a riqueza do diverso. Aplicarase especialmente na segunda unidade didáctica ao analizar a responsabilidade social da empresa.

-Educación do consumidor: trataremos de concienciar aos nosos alumnos dos problemas do consumismo. Aplicarase especialmente na realización do plan de márketing.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso valorarase, atendendo as necesidades dos grupos e o desenvolvemento do curso, a posible realización e/ou participación en:

- Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.

- Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa IDEA dentro do Plan Eduemprende (consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria) e o programa COOPERATIVIZATE (consellería de Traballo e Benestar). A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interese dos alumnos.

- Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende

10. Outros apartados

10.1) Acceso do alumnado á programación

No mes de outubro explicarase a programación na aula.

Remitiráselle copia en pdf, versión `alumn@`, ao xefe/a de departamento a través do titor/a do grupo.

O alumnado terá acceso á versión en pdf que xera a aplicación segundo o protocolo que segue o centro

10.2) Libro de texto recomendado

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizarase como libro de texto recomendado para este módulo: Empresa e Iniciativa Emprendedora. Editorial TulibrodeFP

10.3) Aula Virtual

Cabe destacar que durante o curso 2020-2021 se fará uso da Aula Virtual. Deste xeito, tódolos materiais (apuntamentos, diapositivas, vídeos ou esquemas) serán entregados ao alumnado a través desta vía. Será a canle de comunicación entre a profesora e o alumnado e será tamén o medio

de entrega das diferentes tarefas. Todo o alumnado deberá estar matriculado dende a primeira semana do curso.

Este uso da Aula Virtual responde á necesidade de dotar a docencia dun medio que permita continuar co proceso de ensino-aprendizaxe en caso de seguimento telemático das clases. Neste senso, cabe destacar que, as consecuencias de dito seguimento sobre o proceso de avaliación, se puntualizan nos apartados 5 e 6 desta programación.

Para garantir o acceso en igualdade de condicións de todo o alumnado á plataforma solicitarase ao alumnado información sobre os medios informáticos cos que conta no seu domicilio, así como sobre o acceso a internet. No seguimento da programación o profesor fará constar as incidencias a estos efectos das que teña coñecemento e establecerá unha comunicación cos alumnos, por medios telemáticos ou presenciais e sempre que sexa posible, para que poidan facer constar posibles dificultades de acceso á aula virtual.